

RESUMO

VALORACIÓN FEITA POLO ALUMNADO DE EDUCACIÓN SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DA TITULACIÓN QUE ESTUDIA

M^a Montserrat Castro Rodríguez

Nesta comunicación preséntase un resumo dos datos obtidos na tese de doutoramento que ten por título *Condicións expectativas dos alumnos da Diplomatura de Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela e a avaliación que fan dos seus estudos*. En concreto, queremos expresa-la opinión destes estudantes sobre a carreira que cursan.

Este estudio recolle a información que proporciona o alumnado que estudia a diplomatura de Educación Social na Universidade de Santiago de Compostela en 1º ou en 3º nos cursos académicos 1996-1997, 1997-1998, 1998-1999. A tese fórmano dous estudos: un que analiza a información proporcionada por tres grupos de 3º e dous de 1º que contesta a un cuestionario de elaboración propia; un segundo estudio recolle os datos aportados pola 3ª promoción de Educación Social da USC cando inicia a carreira e cando a remata.

A tese inclúe un apartado que recolle ás valoracións que o alumnado realiza do desenvolvemento da carreira e da súa propia experiencia en cursala. Entre os aspectos máis salientables neste aspecto, faremos referencia ó alto interese inicial na carreira, condicionado en boa medida polas expectativas curriculares de partida, aínda no caso de quen non a elixira en primeiro lugar. Consideran que é unha carreira atractiva, aínda que manifestan un escaso coñecemento do plan de estudos e incluso dos ámbitos de exercicio profesional.

Unha vez iniciados os estudos o alumnado segue mantendo unha actitude positiva cara a carreira, sobre todo na súa esencia. Non obstante, o elevado optimismo inicial vai decrecendo, como amoasan as respostas dos/as que estudian 3º, condicionado en boa medida polo propio feito de cursa-la diplomatura pero tamén pola experiencia que lle proporciona o contacto con profesionais do ámbito, que se produce sobre todo durante o período de Practicum.

Consideran que o desenvolvemento global da carreira ten déficits en aspectos tales como: a súa organización e planificación, a falta de coordinación entre o profesorado leva ó solapamento de contidos e expresan a súa maior preocupación na falta de adaptación dos contidos ós ámbitos de exercicio profesional.

Sen embargo, séntense satisfeitos pola carreira cursada, porque a pesar das eivas que pode ter, aborda contidos moi interesantes, que responde ós seus intereses persoais e

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones/Comunicacións

profesionais. Fan unha serie de suxerencias para contribuir a un mellor desenvolvemento da carreira.

VALORACIÓN FEITA POLO ALUMNADO DE EDUCACIÓN SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DA TITULACIÓN QUE ESTUDIA

M^a Montserrat Castro Rodríguez

Introducción.

Nesta comunicación presentamos un resume dos resultados aportados por unha tese de realizada dende o curso 1996-1997 ata o 1998 –1999 cos estudantes de 1º e 3º da Diplomatura de Educación Social na Universidade de Santiago de Compostela, que ten como título *Condicións expectativas dos alumnos da Diplomatura de Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela e a avaliación que fan dos seus estudos*.

Pretendemos proporcionar cal é a visión que ten o alumnado que cursa a Diplomatura de ES da propia carreira, referímonos á formación recibida, á satisfacción ou decepción por tela cursado. Tamén consideramos interesante dar a coñecer cales son os déficits e acertos da diplomatura co obxectivo de mellora-la formación na procura dunha maior formación para o futuro profesional.

Este estudio iníciase coa aplicación do cuestionario no curso académico 1996-1997, cando remata a primeira promoción de estudantes de Educación Social da Universidade de Santiago e continúaase coas dúas promocións seguintes, ó mesmo tempo que se recolle a información de quen se incorpora en 1º, co obxectivo de coñecer algunhas das características da evolución do proceso de implantación desta carreira.

Xustificación da investigación.

A implantación da diplomatura de Educación Social¹ no contexto universitario español producida a mediados da década dos noventa, conxúgase coa existencia dun colectivo de educadores e educadoras sociais que veñen exercendo a súa profesión sen ser moi coñecidos na sociedade. O traballo da ES caracterízase por ter que facerse nun ámbito de interprofesionalidade, no que enfoque colaborativo e a integración en equipos con outros/as profesionais do “social”, conleva unha tendencia a que a sociedade os/as identifique como un mesmo colectivo, dándolle distintas e dispares denominacións.

A implantación da Diplomatura de ES converteuse nunha importante oportunidade para formar profesionais con entidade e identidade, cunha formación específica que faciliten o recoñecemento social da carreira e, sobre todo, da profesión.

Neste contexto, xorde a necesidade de realizar unha investigación que nos permita coñecer mellor as primeiras promocións de ES da Universidade de Santiago, así como a

¹ A partir de agora aparecerán as siglas ES cando nos refiramos a Educación Social

consideración e a valoración que teñen da carreira a medida que a van estudiando. Todo elo pensamos que pode aportar interesante información para a propia Universidade, pero tamén para as persoas que exercen como Educadoras Sociais, co fin de mellora-la formación inicial destes/as profesionais.

Obxectivos do traballo.

Os obxectivos xerais perseguidos nesta investigación son dous que se complementan. O primeiro céntrase en “Analizar cal é o perfil sociolóxico do alumnado, as motivacións que os levan a estudar esta titulación e a valoración que fan dela, de cara a ter un mellor coñecemento deles/as e dos seus estudos”. Para elo aplicóuselle un cuestionario a tres grupos 3º e dous de 1º, cando estaban a piques de remata-lo curso que estaban cursando.

Co segundo, tamén queremos “coñecer se os estudantes dunha mesma promoción (Terceira) de ES cambian ou manteñen as súas opinións e valoracións con respecto á titulación dende o momento que se incorpora ós estudos (1º curso) ata que están a piques de rematar (3º)”. Tratamos de coñecer se unha mesma persoa mantén ou varía o seu posicionamento dende cando empeza a carreira ata cando a remata.

Metodoloxía.

Para a recopilación de información, nós mesmos elaboramos un cuestionario de 46 items onde se integraban items abertos, semiabertos e fechados, que nos permitiu coñecer as explicacións, que o alumnado fai das súas propias opinións e afirmacións concedidas. Na elaboración deste cuestionario contamos coa colaboración de estudantes de ES e do propio profesorado de diplomatura e doutros ámbitos próximos.

Este cuestionario contestárono cinco grupos distintos de estudantes e un deles proporciona información en 1º e 3º. Estas circunstancias orixinan a aparición de dous estudos: un que analiza as opinións de diferentes grupos de alumnos/as que contestan unha vez ó cuestionario unha soa vez, cando están en 1º ou 3º; un segundo estudio que estudia a evolución dun mesmo grupo dende cando empeza ata que remata.

Contestaron ó cuestionario 327 persoas, das que 37 responderon en dous cursos diferentes.

Resultados da investigación

Como dixemos anteriormente, neste traballo presentaremos un resumo dalgúns dos aspectos máis relevantes relacionados coa valoración que o alumnado de ES fai da diplomatura que está cursando.

O alumnado de ES accede a unha carreira descoñecida debido en gran medida á súa recente incorporación ó sistema universitario. Moitos/as estudantes afirman ter elexido ES

Comunicaciones/Comunicacións

porque lles parecía unha carreira atractiva e interesante, pero manifestan ter escaso coñecemento dos seus ámbitos profesionais de exercicio. Aínda así, convértese nunha titulación fortemente demanda polo alumnado, o que explica a alta porcentaxe de estudantes que cando inician a carreira a solicitan en 1º (67.9%), o que pode ser un motivo importante para xustifica-lo seu elevado intereses inicial. Boa parte do alumnado di que ten moito ou bastante interese, pero con diferencias; quen acceden dende FP ten menor interese (46,7% Moi ou bastante alto) co que vén do Bacharelato/COU (71,3% Moito ou bastante alto).

Este interese inicial é debido en gran medida ás altas expectativas académicas que teñen na diplomatura (74,4% bastante ou moi altas) no momento que se incorporan a ela. Incluso aquelas persoas que non a elixiran en primeiro lugar, en xeral, amosan unha actitude moi positiva. Todos eles e elas pensan que van a recibir unha formación interesante para o seu desenvolvemento profesional, pero tamén para o desenvolvemento global da personalidade. Un alto interese que contrasta con ese escaso coñecemento que teñen da carreira ó que faciamos referencia anteriormente cando deciden estudiala, pois case a metade do alumnado descoñece cal é o plan de estudos de ES no momento de matricularse nela, o que podería ser unha boa fonte de coñecemento dos contidos dunha titulación recién implantada .

Estas expectativas iniciais van moderándose a medida que cursan a carreira. Cando chegan a 3º a porcentaxe das opcións “Moito e bastante” redúcense dende 72,1% ata o 51,4%, porque como veremos nos parágrafos seguintes, atribúenlle algúns problemas ó desenvolvemento global da titulación.

Pero ¿que pensan da carreira os/as estudantes de ES?. A continuación matizamos cales son as opinións xerais sobre a diplomatura, nas que se fai referencia a aspectos concretos que eles/elas consideran que se han de mellorar

- Dende o punto de vista do alumnado para o 46,5%, os contidos curriculares que se traballan na carreira adáptanse “Moito ou Bastante” ós diferentes ámbitos do seu futuro exercicio profesional, fronte a quen pensa que non se adaptan nada (32,8%). Pero quen estudia 3º é máis crítico ca quen aínda está en 1º, e son estes últimos tamén que nunha maior porcentaxe non teñen clara a súa postura. Entre os argumentos que esgrimen para xustificar este cambio de posicionamento ó pasar dun curso a outro, están, segundo a propia opinión do alumnado de 3º, no contacto directo que tivo coa profesión a través do Practicum ou a experiencia previa exercendo como Educador(a) Social. Lembremos que o período de prácticas en 1º é moi reducido e tradúcese na realización de actividades moi concretas, mentres que en 3º prodúcese unha inmersión nalgún ámbito específico de traballo.

Tamén é interesante aludir ó colectivo de persoas que acceden á carreira tras ter experiencia no ámbito da Educación Social, e que, aínda que en xeral

manteñen unha actitude positiva, son os que falan da inadaptación dos contidos co exercicio profesional.

- O plan de estudos é un das principais fontes de problemas que atopan estes/as estudantes. Por exemplo: encontran déficits na planificación e estruturación da carreira; detéctase unha falta de coordinación entre o profesorado, o que ocasiona repetición e solapamento dos contidos entre uns e outros.
- Temos que facer referencia ás críticas que van destinadas á planificación das prácticas, consideran que son poucas (36,7%) e de baixa calidade (37%). Fálase da falta de coordinación e de planificación entre Universidade e as Institucións receptoras de alumnado.

Tanto para o profesorado como o alumnado de ES, as prácticas son claves na formación inicial do/a futuro/a Educador/a Social, o que xustifica a cantidade de persoas que tratan de que éstas sexan de boa calidade. Sen embargo, posiblemente sexa unha das áreas de maior dificultade de organización e desenvolvemento. Para unha mellora da súa calidade cómpre que a coordinación e a planificación entre a Universidade e as Institucións que colaboran nas prácticas sexan efectivas, reais e recoñecidas para que deste período se poidan obte-los mellores beneficios para todos e todas. Consideramos que tanto á Universidade, coma o propio alumnado como as/os Educadoras/es Sociais en exercicio teñen especial interese en que as prácticas sexan da máxima calidade, porque todo redundará nunha mellor cualificación de todo o colectivo profesional.

Lembremos que maioría destes estudantes de 3º afirman que boa parte das valoracións que realizan da carreira en xeral veñen condicionados pola súa experiencia nas prácticas.

- A metodoloxía é outro aspecto que recibe críticas. Para o 32.2% algúns docentes deberían cambiar os seus métodos de traballo porque os que utilizan son tradicionais.
- A avaliación, en xeral, é un dos aspectos máis valorados positivamente, porque existe variedade de modelos de avaliación que lle quitan o protagonismo do exame, aínda que hai materias onde se seguen posicionamentos moi tradicionais.

Coñecer cal é a valoración que fan das materias é outro dos obxectivos desta tese. Pregúntaselles cal é a materia que máis contribúe á súa formación integral, e cal é a que máis lle aporta de cara o seu futuro profesional. Para responder a este item pedíasele ó alumnado que procurare facer unha valoración sobre os contidos, a dimensión epistemolóxica das materias, é dicir, evitando comentarios en función do profesorado que a

imparte. E fixemos a análise dende dous puntos de vista: por unha parte, estúdiáanse os resultados dentro do nivel académico, porque o alumnado de 1º non coñece materias que o de 3º xa cursou; por outra parte, co de 3º permítenos facer unha lectura máis fonda dos resultados, porque pódese facer unha interpretación lonxitudinal.

Parece ser que as materias que lles aportan máis para o exercicio profesional son aquelas que se refiren a ámbitos concretos de actuación ou que están vencelladas a aspectos nucleares da práctica profesional (metodoloxía, planificación, etc.), non percibíndose apenas diferencias entre quen estudia 1º e 3º. Sen embargo, é preciso facer referencia a aqueles/as estudantes que consideran que materias que puideran estar máis centradas en dimensións máis “teóricas” lles resultan imprescindibles para o seu exercicio profesional, soen se-las mesmas cás de 1º.

O abano de materias que contribúe máis á formación xeral do alumnado é moito máis amplo e coinciden con aquelas que precisamente teñen unha dimensión máis teórica e reflexiva. Temos que facer referencia á coincidencia dos resultados entre o alumnado de 1º e 3º, pois soen acadar-las mesmas porcentaxes. Unha das explicacións é que unha vez analizada a totalidade do plan de estudos, comprobamos que as materias que se encadran neste grupo pertencen case todas elas a 1º.

Polo que respecta á súa propia avaliación persoal de cara a valora-la satisfacción coa carreira estudada, temos que dicir que están satisfeitos/as coa carreira elixida. Tres de cada catro voltaríana a estudar. Entre os motivos que aducen para dar unha resposta positiva responden a razóns inherentes á propia titulación e ó exercicio profesional que ponden desenvolver no futuro. En xeral, están satisfeitos coa formación recibida (57,3%), pero tamén son conscientes de que as características da carreira e da profesión adáptanse ós seu propios intereses.

O alumnado de ES que tiña un alto interese inicial na diplomatura, é o que responde maioritariamente que a voltaría a estudar, que se corresponde na maioría dos casos con quen tiña un bo coñecemento da diplomatura e a elixira despois de meditalo un certo tempo. Tamén son persoas que elixiron esta carreira inicialmente por motivacións vencelladas ás características intrínsecas da diplomatura e da profesión. Por exemplo, a experiencia previa nalgún ámbito profesional da ES introduce diferencias de cara á actitude positiva actual, os que teñen máis experiencia no ámbito son os que están máis satisfeitos. Outra variable que introduce diferencias significativas é o feito de que os que inicialmente vían utilidade na profesión, seguen tendo un alto interese.

Cunha porcentaxe significativa de estudantes constátase que a valoración que realizan da diplomatura non está tanto no desenvolvemento xeral da carreira, senón na súa esencia e nos contidos que nela se aborda. Por tanto, a súa avaliación non responde tanto a aspecto concretos senón á súa globalidade.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones/Comunicacións

Lembremos que o alumnado que procedía de FP manifestaba un menor interese inicial nela, sen embargo, a medida que van realizando, evolucionan cara posturas máis positivas e a aumenta-lo seu interese inicial.

Aquelas persoas que non están satisfeitas coa carreira cursada foi porque non se lle cumpriron as expectativas que tiñan con respecto a ela, ben polo seu desenvolvemento curricular como polas dinámicas que se xeneraron ó longo da carreira, entre elas o clima relacional. Posiblemente había persoas que posuían unhas expectativas moi elevadas, non sempre doadas de satisfacer. Lembremos que para certos/as estudantes que acceden á Universidade poden atribuírle a esta unha dimensión incluso mítica.

Esta satisfacción pola carreira cursada é posta de manifesto noutras investigacións realizadas na Universidade Complutense (De la Fuente, G e Sánchez Martín, E) e na Universidade de Vigo (Cid Fenández, J.M.; Dapía, M. e Fernández, R.).

Tanto as persoas que quedaron satisfeitas/os co traballado na diplomatura, coma os que están arrepentidos/as de cursala, consideran que se deberían facer algunhas modificacións, aínda que tamén hai outros aspectos positivos que cómpre destacar.

Os cambios que demandan os/as estudantes responden na súa maioría ás características e ó desenvolvemento do curriculum. A propia organización e características do plan de estudos (duración da titulación, a existencia de materias cuatrimestrais, a natureza dos contidos dalgunha materia en concreto, etc), planificación, contidos e metodoloxía dalgunhas materias; especial reclamación faise da superposición, solapamento e repetición dos contidos ó longo de toda a diplomatura, así como a falta de coordinación entre o profesorado. Tamén neste apartado fan recomendacións explícitas para a mellora do Practicum en aspectos relacionados: coa organización, planificación e facendo especial fincapé na súa duración que a consideran moi escasa.

Hai unha pequena porcentaxe de estudantes que consideran que a Diplomatura de ES se debería converter en licenciatura, porque pensan que durante tres anos non é tempo suficiente para adquirir unha mínima preparación para o exercicio profesional.

Existe coincidencia entre as demandas de cambios e aqueles aspectos dos que están contentos: estruturación e desenvolvemento dalgunhas materias, algúns profesores, o *Practicum*, o traballo en grupo, os itinerarios, algunhas materias, o horario, etc. Esta coincidencia entre os aspectos que se deberían manter e os que deberían cambiar, é lóxica se temos en conta que as valoracións poden estar condicionadas polas experiencias, os intereses... no plan de estudos hai moitas materias, hai moito profesorado, etc que pode ter diferente incidencia no alumnado, polo que as actitudes e valoracións son diversas.

Estas opinións son as extraídas do primeiro dos estudos, onde, lembremos que contestaban tres grupos de 3º e dous de 1º unha soa vez. Os resultados obtidos no segundo dos estudos veñen a corroborar os do primeiro. É dicir, os/as estudantes que en 1º tiñan un interese elevado, en 3º manteñen esta actitude, aínda que con moderación. Este grupo de

estudiantes seguen elixen como materias que máis contribuíron á formación xeral, practicamente, as mesmas que dixo en 1º.

A medida que se vai implantando a carreira o alumnado de 1º accede cunha maior información global e incluso específica sobre ela, o que conleva un maior interese, reflexado en boa medida na prioridade que lle concede na elección.

Conclusiones

O alumnado de ES está satisfeito/a coa ter estudiado esta carreira, aínda que inicialmente non tiveran unha actitude moi positiva. Non obstante, consideran que é convinte facer modificacións que favorezan a súa mellora. Aconsellan unha mellor planificación, organización xeral, pero especialmente do Practicum, área de trascendental importancia para estes estudantes. Sen embargo, a esencia propia da carreira xustifica o interese que seguen manifestando.

Son estudantes que abogan en boa medida por unha formación para a profesión, polo que lle dan moita importancia ás materias de carácter metodolóxico, aínda que hai unha porcentaxe moi relevante que prioriza as materias que poderíamos denominar máis teóricas (Teoría da Educación, Socioloxía, Antropoloxía, etc).

A experiencia de ir realizando os diferentes cursos académicos e o contacto coa realidade profesional que tiveron a través do Practicum introducen diferencias significativas entre as valoracións aportadas polo alumnado de 1º e de 3º.

Entre os aspectos máis salientables, cómpre facer referencia a que aquelas persoas que accederon cun maior interese inicial na diplomatura e un maior coñecemento dela seguen tendo unha maior tendencia a responder que a voltarían a estudar pola satisfacción que lles produce. Este aspecto é interesante, o que nos leva á necesidade de potencia-lo papel dos Departamentos de Orientación dos centros educativos, a maior presenza da facultade na sociedade dando a coñecer esta diplomatura e tamén a búsqueda dun espacio profesional propio que o coñeza a sociedade a potenciar por parte dos profesionais actuais da Educación Social. Constatamos que o coñecemento previo da carreira que se vai estudar pode ser unha garantía do éxito académico do alumnado.

En definitiva, son estudantes que, en xeral, están satisfeitos/as coa formación inicial recibida durante os seus estudos universitarios, non obstante consideran que a titulación debe mellorar determinados aspectos que faciliten a adaptación ás futura necesidades profesionais.

Bibliografía

Castro Rodríguez, M. M. (2004). *Condicións e expectativas dos alumnos da Diplomatura de Educación de Santiago de Compostela e avaliación que fan dos seus estudos*. Universidade de Santiago: Tese de Doutoramento.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones/Comunicacións

- Cid, J. M., Dapía, (M) e Fernández, R. (2001). El educador/a social en Galicia. Perfil de los futuros titulados/as y sus expectativas. *Educación Social*, 17, pp. 130-140
- De la Fuente, G. e Sánchez, E. (1997). Los educadores del año 2000. Un estudio comparativo sobre los futuros educadores/as sociales y maestros/as. *Revista Complutense de Educación*, v. 8, 1. Servicio de Publicaciones: Universidad Complutense. pp. 43-77
- De la Fuente, G. e Sánchez, E. (2000). La socialización anticipada en la Universidad. El caso de los estudiantes de Magisterio y Educación Social. *Revista de Educación*, 321, 269-290.
- Vara Coomonte, A. (2003). *Autoconcepto de estudios y de profesiones de los alumnos matriculados en el ámbito de las Ciencias de la Educación en la Universidad de Santiago de Compostela (en las otras universidades de Galicia y en las Universidades Complutense, de Salamanca y privada de Salamanca)*. Madrid: MEC. Investigación realizada a cargo al Programa de Estudios y Análisis de la Dirección General de Universidades del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Referencia EA2003-00113